




Financiado por  
la Unión Europea  
NextGenerationEU



**CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTRO E SERVIZOS PARA A ADQUISICIÓN DE MEDIOS MATERIAIS PARA A RECOLLIDA SEPARADA DOS BIORESIDUOS E A REALIZACIÓN DAS CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN ASOCIADAS AOS MESMOS, PARA O CONCELLO DE TEO, RESERVADO A CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO DE INICIATIVA SOCIAL**

**PREGOS DE PRESCRIPCIÓN TÉCNICAS PARTICULARES (PPTP)**

## INDICE

1. OBXECTO E NATUREZA DO CONTRATO
2. ANTECEDENTES E NORMATIVA DE APLICACIÓN
3. FITOS E OBXECTIVOS
4. PRAZO DE DURACIÓN DO CONTRATO E PERÍODO DE REALIZACIÓN DO SERVIZO E ENTREGA DOS SUBMINISTROS
5. DESTINATARIAS E DESTINATARIOS
6. FASES DE EXECUCIÓN
7. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS
8. MENSAXES A TRANSMITIR
9. LINGUAXE
10. CONDICIÓNS XERAIS
11. RECURSOS HUMANOS
12. OBRIGAS DO CONTRATISTA
13. SISTEMA DE AVALIACIÓN E INDICADORES
14. RÉXIME DE PAGAMENTOS

## 1. OBXECTO E NATUREZA DO CONTRATO

A presente licitación ten por obxecto a contratación dos servizos de subministro dos materiais imprescindibles para a implantación dun sistema de xestión da fracción orgánica dos residuos no ámbito territorial do Concello de Teo e a realización das accións de acompañamento e comunicación directa e de proximidade que permitan o reforzo de dita implantación e o seu correcto funcionamento, conforme ao alcance e condicións técnicas recollidas no presente Prego de Prescricións Técnicas Particulares(PPTP).

A natureza do contrato é a dun contrato mixto, a tenor do disposto no artigo 18 da LCSP, segundo o cal, entenderase por tal, aquel contrato que conteña prestacións correspondentes a outro de distinta clase. Nese sentido, o presente contrato é de subministros (contedores,bolsas compostables e resto de materiais imprescindibles para a recollida selectiva dos bioreisudos) e de servizos (no relativo ás accións de formación e sensibilización asociadas á implantación e a súa correcta utilización por parte da veciñanza de Teo).

Trátase dun contrato reservado a Centros Especiais de Emprego de Iniciativa Social (CEE) de conformidade co disposto na disposición adicional cuarta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Todas as accións recollidas na presente licitación están encadradas dentro da axuda concedida ao Concello de Teo no marco da Orde de 31 de maio de 2023 para a “Concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo Europeo relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para os anos 2023 e 2024”.

En concreto ao Concello de Teo foi concedida unha axuda para unha das liñas das que englobaba a convocatoria:

**Liña 1.** Proxectos de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (compostaxe e/ou dixestión anaerobia).

## 2. ANTECEDENTES E NORMATIVA DE APLICACIÓN

### 2.1. NORMATIVA DE APLICACIÓN

As entidades locais son competentes para a xestión dos residuos nos termos establecidos na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia e na Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular demais normativa de aplicación.

Tal como se preceptúa no artigo 12, punto 5.A da mencionada Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, correspóndelle aos Concellos o *“servizo obrigatorio, en todo o seu ámbito territorial, a recollida, o transporte e o tratamento dos residuos domésticos na forma en que establezan as súas respectivas ordenanzas, de conformidade co marco xurídico establecido nesta lei, nas leis e instrumentos de planificación que, no seu caso, aproben as comunidades autónomas e na normativa sectorial en materia de responsabilidade ampliada do produtor”*.

A Directiva 2018/851 do Parlamento Europeo e do Consello do 30 de maio de 2018 pola que se modifica a Directiva 2008/98/CE sobre residuos, establece no seu artigo 22 que os biorresiduos

deberán separarse e reciclarse en orixe ou ben recollese de forma separada, como moi tarde, o 31 de decembro de 2023, o

que coincide co disposto na Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, pero a “Ley 7/2022 de 8 de abril, de residuos y suelos contaminados para una economía circular”, establece no seu artigo 25 que para aquelas entidades de máis de 5.000 habitantes esta data adiantase ao 30 de xuño de 2022.

## 2.2. A RECOLLIDA SELECTIVA EN GALICIA E TEO

Nestes momentos estanse a impulsar desde diferentes ámbitos supramunicipais medidas que contribúan á consecución dos obxectivos marcados na normativa referida anteriormente, tras as novidades introducidas no contexto comunitario de conformidade coa folla de ruta cara unha Europa Eficiente no uso dos recursos, no marco da Estratexia 2020, así como tendo en conta as medidas recollidas no paquete de economía circular, aprobado pola Comisión Europea en decembro de 2015. Todos eles, piares básicos para unha xestión eficiente dos recursos e dos residuos que se sustenta, fundamentalmente, na prevención e a reciclaxe e en reforzar o principio de xerarquía nas opcións de xestión de residuos.

Neste marco, o Concello de Teo, coa colaboración da Xunta de Galicia, ten a intención de continuar coa recollida separada da fracción orgánica no seu casco urbano coa pretensión de cumprir no ano 2025 cos obxectivos marcados pola UE, no que aos índices de reciclaxe de residuos se refire.

## 3. FITOS E OBXECTIVOS

As accións enmarcadas na presente licitación buscan acadar os seguintes obxectivos:

- A. Converter ao Concello de Teo nunha referencia a nivel galego, no que a tratamento da fracción orgánica dos residuos se refire, mediante a potenciación da prevención, a recollida separada e valorización dos biorresiduos de competencia municipal.
- B. Realizar unha potente campaña de sensibilización social entre a veciñanza de Teo partindo de que as accións de difusión da reciclaxe son fundamentais para propio éxito da reciclaxe, tal e como apuntan de xeito reiterado todos os estudos sectoriais e as propias directivas do Ministerio e a Unión Europea.
- C. Aumentar paulatinamente a cantidade de material depositado no contedor específico da fracción orgánica mediante a potenciación da xestión/recollida en orixe da fracción orgánica dos residuos municipais no casco urbano de Teo e minimizar a vertedura final en depósitos controlados, especialmente de fracción biodegradable e materiais recuperables.
- D. Contribuír, desde o ámbito municipal, ao cumprimento dos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible das Nacións Unidas (ODS), tan importantes como á mitigación do cambio climático, a adaptación ao cambio climático, o uso sustentable e a protección dos recursos hídricos e mariños, a economía circular, a prevención e control da contaminación e a protección e recuperación da biodiversidade e os ecosistemas.
- E. Introducción e popularización entre a veciñanza de Teo de conceptos de corresponsabilidade (“está nas nosas mans”, “un pequeno xesto de cada un”, etc.) e de economía circular (as 7R: cambio na visión dos residuos, xa non se trata de lixo senón de novos recursos; reducir os residuos: o mellor residuo é o que non se produce...) para que paulatinamente se vaia interiorizando por parte da veciñanza.
- F. Recoller as suxestións e aportacións da veciñanza en materia de xestión de residuos.

**G. Consecución dos obxectivos medioambientais perseguidos:**

- 1.- Aforro de recursos, ao transformar a materia orgánica en compost, e mellora da calidade dos chans coa diminución do uso de fertilizantes artificiais.
- 2.- Redución dos residuos biodegradables nos depósitos controlados e nas plantas recicladoras.
- 3.- Diminución da emisión de gases de efecto invernadoiro.

**4. PRAZO DE DURACIÓN DO CONTRATO E PERÍODO DE REALIZACIÓN DO SERVIZO E ENTREGA DOS SUBMINISTROS**

O prazo de duración do contrato comprenderá dende a data de sinatura do contrato ata o 30 de novembro de 2024.

A empresa adxudicataria terá un prazo máximo de seis semanas desde a sinatura do contrato para facer entrega dos subministros e materiais que se detallan nestes Pregos.

**5. DESTINATARIAS E DESTINATARIOS**

As e os destinatarios das accións comprendidas na presente licitación serán as veciñas e veciños do casco urbano de Teo, e o conxunto da veciñanza, no caso da campaña de sensibilización e divulgación, pois enténdese que nun cambio social tan grande como é a introdución da fracción orgánica, o plan de compostaxe necesariamente ten que ser único aínda que conviva unha solución para o casco urbano e outra para o rural. Polo tanto, enténdese que as bolsas compostables serán de reparto exclusivo no ámbito urbano, a campaña de sensibilización será única, xa que cando se realicen accións de difusión no casco urbano van a ser moitas as familias do rural que se acheguen e deberase ter dispoñible tamén a información para ofrecerlle.

**6. FASES DE EXECUCIÓN**

Durante os cinco días hábiles desde a formalización do contrato, a empresa adxudicataria presentará un plan de traballo detallado de acordo ás prescricións do presente prego, que deberá ser aprobado polos servizos técnicos municipais. Este plan de traballo recollerá, entre outras cosas, un cronograma das accións a desenvolver para cada unha das prestacións da campaña, e incluírá as seguintes fases diferenciadas, mais interconectadas entre si:

#### **6.1. FASE 1: ENTREGA DE SUBMISTROS**

Esta fase terá unha duración máxima de seis semanas desde a adxudicación do contrato. Durante esta fase a empresa adxudicataria terá que facer acopio (e estar a disposición do Concello) de todo o material.

#### **6.2. FASE 2: PREPARACIÓN DE CONTIDOS E PROGRAMACIÓN DE ACTUACIÓNS**

Nesta fase, realizarase a planificación, deseño da campaña de información e sensibilización e solicitude de permisos pertinentes para levar a cabo as accións descritas nos presentes Pregos.

Así mesmo, nesta fase a empresa adxudicataria será responsable de completar (se fora preciso) a formación específica do persoal asignado ao presente contrato, que garanta unha correcta execución do contrato.

#### **6.3. FASE 3: EXECUCIÓN**

Na terceira fase a empresa adxudicataria terá que realizar o reparto das bolsas compostables e cubos e executar todas as accións de sensibilización recollidas neste prego, tanto as de rúa, como a demanda de colectivos, como as de porta a porta con grandes produtores como as que se deben realizar nos centros escolares.

### **7. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS**



## 7.1. SUBMINISTRO MATERIAIS PRECISOS PARA A COMPOSTAXE

### 7.1.1. SUBMINISTRO DE BOLSAS COMPOSTABLES PARA VIVENDAS

A empresa adjudicataria estará obriga a facer entrega de 40.000 de bolsas compostables para a cidadanía das seguintes características

- Cor: natural/neutro
- Capacidade: 10 litros
- Formato de presentación: atado de bolsas compostables de 20 unidades. Poderanse admitir outros formatos sempre e cando a suma deles complete as mesmas unidades (exemplo: en atados de 40 unidades, etc.). As bolsas separaranse correctamente sen rotura.
- Tamaño: deberase axustar perfectamente aos cubos domiciliarios que xa ten adquiridos o Concello para este fin. A parte inferior da bolsa deberá quedar axeitadamente apoiada na parte inferior de dito cubo, aínda que se poderán admitir bolsas de maior lonxitude.
- Material: bolsa compostable segundo a normativa UNE-EN 13432, certificada polo organismo TÜV Austria (Antiga AIB-VINCONTTE) a través da marca “OK Compost” ou polo organismo DIN-Certco a través da marca “Compostable” ou por algunha empresa certificadora de recoñecido prestixio. Esixiráselle á empresa proposta como adjudicataria, a presentación dos certificados que acrediten esta esixencia. Estes deberán atoparse vixentes e non caducados no momento da súa presentación. O material non poderá ser tóxico e as bolsas deberán ser transpirables.
- Grosor mínimo: 18 micras. Sen poros e regular en toda a superficie.
- Carga mínima: as bolsas terán que poder soportar o peso estático mínimo de 4 kg.

- Soldadura: selada para evitar goteo (sistema antigoteo ou dobre soldadura). Dotadas de suficiente solidez para evitar que se abran cando son sometidas a calquera tensión durante o emprego da bolsa ou o seu transporte.

### 7.1.2. SUBMINISTRO DE BOLSAS COMPOSTABLES PARA GRANDES PRODUCTORES

A empresa adxudicataria estará obrigada a subministrar, 1.500 bolsas compostables para grandes produtores das seguintes características:

- Cor: natural/neutro
- Capacidade: 120 litros
- Formato de presentación: atado de bolsas compostables de 10 unidades. Poderanse admitir outros formatos sempre e cando a suma deles complete as mesmas unidades (exemplo: en atados de 20 unidades, etc.).
- As bolsas separaranse correctamente sen rotura. Material: bolsa compostable segundo a normativa UNE-EN 13432, certificada polo organismo TÜV Austria (Antiga AIB-VINCOTTE) a través da marca “OK Compost” ou polo organismo alemán DIN-Certco a través da marca “compostable” ou por algunha outra empresa certificadora de recoñecido prestixio. Esixiráselle á empresa proposta como adxudicataria, a presentación dos certificados que acrediten esta esixencia. Estes deberán atoparse vixentes e non caducados no momento da súa presentación. O material non poderá ser tóxico. Bolsas transpirables.
- Grosor mínimo: 19 micras. Sen poros e regular en toda a superficie.
- Carga mínima: as bolsas terán que poder soportar o peso estático mínimo de 10 kg.
- Soldadura: selada para evitar goteo (sistema antigoteo ou dobre soldadura). Dotadas de suficiente solidez para evitar

que se abran cando son sometidas a calquera tensión durante o emprego da bolsa ou o seu transporte.

### 7.1.3. SUBMINISTROS DE COLECTORES PARA A VÍA PÚBLICA

A empresa adxudicataria deberá subministrar 150 colectores para a vía pública das seguintes características:

- Cor: marrón
- Capacidade: 360 litros
- Material: polietileno inxectado de alta densidade ou calquera outro material plástico do que a súa validez sexa xustificada tecnicamente. 100% reciclables. Non tóxico. Resistentes aos raios UV e aos axentes químicos e biolóxicos. Terán que estar deseñados para garantir a súa durabilidade e evitar desperfectos por golpes, peso etc. Deberán cumprir coas normativas europeas EN e contar con marcado CE.
- Tipoloxía: con tapa provista de asa de manexo sinxelo e dúas rodas, para evitar olores e facilitar o seu transporte. Superficie de limpeza sinxela e con bordes non cortantes. Terán que estar deseñados para garantir o ser herméticos. A resistencia dos contedores será equivalente ao pesado do contedor cheo de materia orgánica e estes deberán permitir a incorporación de sistemas de identificación e pesado.
- Pechadura automática e 20 chaves estándar por colector.
- Grosor das paredes: mínimo 6 mm de grosor
- Termoimpresión/adhesivo: subministraranse personalizadas, a unha soa cor no caso da termoimpresión e a toda cor no caso dos adhesivos, cos logotipos e deseño que deberán ser aprobados polo Concello. As tintas deberán ser ecolóxicas.

#### 7.1.4. SUBMINISTRO DE CALDEIROS DOMÉSTICOS PARA BIORRESIDUOS

A empresa concesionaria deberá subministrar 1000 caldeiros cerrados coas seguintes características:

- Cor: marrón
- Material: fabricados en polipropileno ou polietileno, 100% reciclable, non tóxico e resistente a altas e baixas temperaturas, ao deterioro dos raios ultravioletas e aos axente químicos e biolóxicos. Terán que estar especialmente deseñados para garantir a súa durabilidade e evitar desperfectos por golpes, peso, etc.
- Tipoloxía: os caldeiros deberán ter asa e paredes, tapa e fondo pechado. Permitirá dobrar as bolsas compostables ao longo de todo o perímetro da boca do cubo. A tapa debe ser abatible, con apertura total de 270º e de fácil desmontaxe para a súa limpeza e/ou substitución. Con bordes non cortantes.
- Termoimpresión/adhesivo: poderase optar pola termoimpresión que se subministrará personalizada a unha soa cor ou un adhesivo en vinilo a toda cor, ambas solucións deberán indicar os materiais que se poden depositar no seu interior e os logotipos que se indican no proxecto, deseño que deberá ser validado polo Concello.

#### 7.2. CAMPAÑAS DE IMPLANTACIÓN E DIVULGACIÓN

Tal e como indican todos os estudos sectoriais e as propias directivas da Xunta de Galicia, do Ministerio e da propia Unión Europea, así como pola propia experiencia práctica do Concello de Teo neste eido, as accións de difusión da reciclaxe son fundamentais para o éxito dun proxecto de implantación da recollida separada da materia orgánica. Nese sentido, a empresa adxudataria da presente licitación terá que realizar diferentes campañas de implantación co colector marrón dirixidas ás familias de Teo e aos chamados “grandes produtores” do termo municipal

(empresas que xeran gran cantidade de materia orgánica como supermercados, restaurantes, panaderías, etc.). Para o caso dos considerados como “grandes produtores”, a empresa adxudicataria será a responsable -de xeito coordinado co Concello de Teo- de facer un sondeo inicial para detectar cales serían susceptibles dese tratamento no termo municipal.

### 7.2.1. FOLLETOS

Imprimiranse 4.700 folletos para explicar o funcionamento da recollida e tratamento da materia orgánica entre a cidadanía, imprimiranse en papel satinado brillo dun mínimo de 80 gramos, a toda cor e por ambas caras, en formato A4 e con dúas dobreces.

### 7.2.2. ACCIÓNS EN CENTROS ESCOLARES

Realizaranse 12 actividades de sensibilización e información nos centros escolares de primaria e secundaria de Teo.

Para a realización destas actividades a empresa deberá contar con persoal especialmente cualificado e con experiencia no traballo con escolares e as súas intervencións e acción perfectamente adaptadas ao público obxectivo polo que terán que ter un enfoque máis lúdico e didáctico e non sobrepasar os 50 minutos de duración (o tempo dunha aula).

A obxecto central das mesmas será a promoción da reciclaxe e a separación dos biorresiduos entre as e os máis novos e que ademais da súa propia concienciación realicen unha sa presión nos seus entornos familiares para que nas súas vivendas se opte pola correcta separación dos residuos xerados.

### 7.2.3. ACCIÓNS DE RÚA

Realizaranse 32 accións de presentación e información sobre este proxecto cunha duración mínima de catro horas por acción.

Ditas accións poderanse desenvolver a demanda dun determinado colectivo veciñal (en locais municipais coma noutro tipo de instalacións) ou ser accións de rúa. En todos os casos, ditas accións terán que estar previamente autorizadas polo Concello de Teo co que se consensuarán tanto horario coma calquera outro aspecto loxístico.

O persoal a desenvolverlas estará especialmente cualificado para este tipo de actividade (un mínimo de dúas persoas) que deberán ir debidamente uniformadas con chaqueta e camisa ou polo de cor branca e serigrafadas coa imaxe do proxecto para que sexan claramente identificables.

Repartirán entre as e os asistentes material informativo e solventará calquera posible dúbida que poidan ter as persoas asistentes.

No caso das actividades de rúa, a empresa deberá instalar unha carpa (dunhas dimensións mínimas de 3 x 3 metros) debidamente rotulada coa imaxe da campaña, mesas e todo o material informativo preciso. Os puntos de información de rúa deberá estar instalados en cada unha das localizacións escollidas (e previamente consensuadas co Concello de Teo) un mínimo de tres horas.

Ademais, nestes puntos as familias tamén poderán retirar os seus kits de benvida, consistentes en caldeiros, bolsas compostables, folletos e a chave para poder abrir o colector marrón.

A carpa debe contar material de apoio que facilitarán a promoción do proxecto, sendo responsabilidade da empresa a reposición de calquera destes materiais

A empresa emitirá ao Concello un informe de cada unha das accións e de todas as acumuladas no momento que se lle solicite, este informe serán entregado en formato dixital lexible polo Concello.

#### 7.2.4. CAMPAÑA PARA GRANDES PRODUTORES

Ademais das accións recollidas no punto anterior, a adxudataria terá a obriga de realizar unha serie de actuación individualizadas dirixidas a grandes produtores. En concreto, terá que realizar un mínimo de 300

accións formativas porta a porta para todos os grandes produtores do termo municipal de Teo, analizando con eles o interese por darse de alta no proxecto e vendo as necesidades de materiais que cada un teña, recollendo os datos de si precisan colectores para sacar á rúa a súa materia orgánica ou bolsas compostables e informándolles que van a precisar dunha chave para poder verter nos colectores da rúa.

Estas actividades celebraranse en horario de mañá ou tarde, dependendo do que solicite o Concello.

A adxudicataria encargarse da coordinación das accións. Para elo deberá contar cun aplicativo de mobilidade que permita recoller os datos desas visitas en tempo real.

Para cada acción a empresa debe contar con persoal perfectamente formado para realizar os traballos de información e tamén deberán de contar con coñecementos específicos en compostaxe para poder resolver as dúbidas que lle poidan xurdir á cidadanía. Estas persoas deberán ir uniformadas con chaqueta e camiseta serigrafiadas coa imaxe do proxecto para que sexan perfectamente identificables.

A empresa tamén deberá contar con dispositivos móbiles con acceso á rede que permitan xestionar as altas nunha aplicación informática online que permita recoller os datos de cada unha das empresas que queiran participar no proxecto e que debe cumprir coa LOPD e tamén contar cun módulo de visualización online para que poida ser usado por aquelas empresas que se queiran dar de alta online.

Os folletos e distintivos para grandes produtores serán facilitados polo Concello.

Para a celebración de todas as actividades previstas recollidas no presente PPT, a empresa deberá contar cun seguro de responsabilidade civil que cubra calquera incidentes relacionado coas mesmas, cun mínimo de cobertura de 500.000 euros.

## 8. MENSAXES A TRANSMITIR

O mensaxe que o persoal da empresa adjudicataria debere transmitir nas diferentes accións recollidas no punto anterior deberán pivotar en:

- a) **Existe un problema (sensibilización):** en Teo estanse a xerar todos os días unha grande cantidade de residuos que non se están a tratar como deberan.
  
- b) **Existe unha solución (capacitación):** pódese reducir notablemente a cantidade de residuos tratados indebidamente mediante a separación en orixe da fracción orgánica
  
- c) **Un correcto tratamento aporta grandes beneficios (a motivación ética):**
  - Ao engadir unha nova fracción orgánica, a fracción resto reduce o seu volume considerablemente; por tanto, a cantidade de residuos destinados a vertedoiro é moito menor.
  - A nova fracción resto é máis estable, xa que contén escasa materia orgánica, o que facilita a súa posterior xestión.
  - Coa separación de residuos orgánicos prodúcese unha mellora na calidade das fraccións de residuos restantes (vidro, papel e cartón, resto e envases), pois teñen menor cantidade de impurezas e ven menos afectados pola contaminación da materia orgánica en descomposición. En consecuencia, o produto obtido despois da reciclaxe é de maior calidade.
  - Coa reciclaxe dos residuos orgánicos, o ciclo produto-residuo queda pechado (economía circular) e non se produce unha perda de materia e enerxía, senón que esta vólvese a aproveitar.
  - O que era un residuo, despois de ser separado e tratado, convértese nun produto que se pode volver empregar como emenda orgánica ou compost.
  - A separación desta nova fracción serve para cumprir, non só cos obxectivos recolleitos na lexislación ambiental e a normativa municipal, senón para favorecer a mellora do medio ambiente do conxunto de Teo.



- d) **Separar non é unha opción é unha obriga normativizada (a motivación legal):** estamos obrigados por diferentes leis e regulamentos a cumprir cuns obxectivos de mellora na calidade do tratamento dos nosos residuos.
- e) **É doado facelo (a motivación práctica):** explicar que o único que teñen que facer e depositar no caldeiro marrón que se lle facilita o residuo orgánico (restos de froitas e verduras, carne, peixes, cascaras de ovo, mariscos, pousos do café ou restos de infusións, pequenos restos de xardiñeiría, etc.) e nunca restos biolóxicos humanos ou animais ou de índole sanitaria.
- f) **Animalos e agradecerlles a súa implicación nun proxecto colectivo (corresponsabilización):** facerlles ver que coa súa participación están a facer xunto ao resto da veciñanza, de Teo un mellor Concello no que vivir e
- g) contribuíndo desde as súas propias casas a facer un planeta máis sustentable.
- h) **Agradecer o seu compromiso e colaboración (agradecemento):** agradecer a todas as persoas a súa participación nos actos, a súa “escoita activa” e a decisión de participar no proxecto.

## 9. LINGUAXE

Os textos de todo material estarán en lingua galega (que deberá ter unha supervisión por persoal cualificado a respecto da calidade lingüística) e a empresa adjudicataria será responsable de que todos os contidos, imaxe, etc. das campañas leven unha linguaxe non sexista e eviten calquera tipo de imaxe discriminatoria das persoas ou estereotipos sexistas e que, pola contra fomenten os valores da igualdade real entre mulleres e homes, a diversidade e a corresponsabilidade.

## 10. CONDICIÓN XERAIS

### 10.1. PROBAS DE RECEPCIÓN

Os elementos subministrados deberán axustarse ao material solicitado. O Concello de Teo poderá realizar todas as probas e consultas técnicas que estime oportunas co fin de verificar o cumprimento das especificacións técnicas do material subministrado.

## 10.2. PRAZO DE GARANTÍA

Establécese un prazo de garantía desde a recepción, conforme ao seguinte detalle:

- 1) Un prazo de garantía mínimo de 2 anos para os cubos domésticos e para os colectores e 4 meses para as bolsas compostables.
- 2) Si os bens non se atopan en perfectas condicións no momento da súa recepción, farase constar expresamente na acta de recepción e daranse as instrucións precisas ao contratista para que subsane os defectos ou
- 3) proceda a un novo subministro de conformidade co pactado. Cando non se realice a subsanación ou substitución, a Administración deixaraos por conta do contratista, quedando exenta da obrigaón de pago ou adquirindo o dereito a recuperar o pagado.
- 4) Darase por recibido o ben subministrado comezando nese momento o prazo de garantía, cando unha vez recibido o ben e realizada a inspección dos mesmos e as probas de recepción pertinentes, o resultado é satisfactorio.
- 5) Si durante este prazo de garantía se acredita a existencia de vicios ou defectos nos bens subministrados, o Concello terá dereito a reclamar ao contratista a reposición dos que resulten inadecuados ou a reparación dos mesmos si fose suficiente.
- 6) Durante este prazo de garantía terá dereito o adxudicatario a coñecer o ser escoitado sobre a aplicación dos bens subministrados.
- 7) Si o órgano de contratación estimase, durante o prazo de garantía, que os bens subministrados non son aptos para o fin pretendido, como consecuencia dos vicios ou defectos observados neles e imputables ao adxudicatario e exista a presunción de que a reposición e reparación de ditos bens non serán bastantes para lograr aquel fin poderá, antes de expirar dito prazo, rexeitar os bens deixándoos de conta do contratista e

quedando exento da obrigación de pago ou tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito.

- 8) Terminado o prazo de garantía sen que o concello teña formalizado algún dos reparos ou a denuncia á que se refiren os apartados 4 e 6 desta cláusula, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón dos bens subministrados.

## 11. RECURSOS HUMANOS

### 11.1. RELACIÓNS LABORAIS

A empresa adxudicataria deberá dispoñer dun persoal e unha organización adaptada á natureza e necesidades desta campaña. Será de obrigado cumprimento para a empresa adxudicataria que os bens e servizos obxecto do contrato fosen producidos ou se desenvolvan respectando as normas sociolaborais vixentes en España e na Unión Europea ou da Organización

Internacional do Traballo. Así mesmo, a adxudicataria deberá estar en disposición de acreditar a afiliación e alta na Seguridade Social das persoas traballadoras destinadas á execución do contrato. Esta obriga estenderase ao posible persoal subcontratado pola empresa adxudicataria principal, destinado á execución do contrato.

A empresa adxudicataria adoptará as medidas precisas para evitar que, da execución do contrato, poidan derivarse danos ao persoal municipal ou aos cidadáns en xeral, mediante a sinalización axeitada dos traballos cando se produza a utilización de equipos ou ferramentas nos edificios onde se preste o servizo, todo iso conforme ao Real Decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo e o Real Decreto 485/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo.

A empresa adxudicataria ten a obriga de cumprir as prescricións e normativa imposta por Convención de Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas

con diversidade funcional, así como os criterios de accesibilidade universal e de deseño universal ou deseño para todas as persoas, tal e como son definidos estes termos no Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. Así mesmo, será condición especial de execución ter a disposición documentación completa e verificable sobre as traballadoras e traballadores empregados indicada (condicións de traballo, documentación da Seguridade Social como TC, afiliación e alta das persoas traballadoras destinadas á execución do contrato..., incluído o persoal subcontratado pola empresa adxudicataria principal), a presentala ao órgano de contratación cando este o requira e a advertir ás persoas traballadoras sobre a posibilidade dunha inspección por parte do devandito órgano.

Todo o persoal preciso será contratado polo adxudicatario. Non existirá vinculación laboral algunha entre o persoal que se destine á execución do contrato e o Concello de Teo, nin durante o prazo de vixencia do contrato

nin á finalización do mesmo, por canto aquel queda expresamente sometido ao poder direccional e de organización da empresa adxudicataria en todo ámbito e orde legalmente establecida e sendo, por tanto, esta, a única responsable e obrigada ao cumprimento de cantas disposicións legais resulten aplicables ao caso, en especial en materia de contratación, Seguridade Social, prevención de riscos laborais e responsabilidade tributaria, etc., e iso con independencia das facultades de Control e Inspección que legal e/o contractualmente correspondan ao Concello de Teo.

A administración municipal velará para que non exista, pola súa banda, intromisión algunha na esfera propia das relacións laborais do contratista e para que as instrucións e encomendas de traballo ditadas ao contratista fáganse a través do coordinador do equipo de traballo. Así mesmo, o Concello de Teo poderá solicitar, de forma motivada, o cambio dalgún integrante do equipo de traballo se observa o incumprimento das súas funcións.

## 11.2. RESPONSABLE DO CONTRATO

A empresa adjudicataria contará cunha persoa responsable da execución do contrato que terá como misión principal, a correcta execución deste servizo e, especialmente no seu caso, do cumprimento das entregas de subministros e prestación de servizos marcados nos presentes Pregos de Prescricións Técnicas nos prazos e forma estipulados. Para iso, será responsable da xestión inmediata dos traballos e, no seu caso, o control directo dos equipos, os materiais e as actividades necesarias para a prestación do servizo, conforme ás instrucións emitidas polo Concello de Teo, sendo directamente responsable do cumprimento dos requisitos derivados das normas, prescricións, especificacións, orzamentos e prazos que sexan de aplicación ou aos que se comprometeu o adjudicatario. A persoa responsable da execución do contrato designada pola empresa adjudicataria será, por tanto, o máximo responsable da xestión da calidade, na súa máis amplo concepto, do servizo contratado e ostentará a representación máxima para, cando menos:

- a) Dirixir, regulamentar e inspeccionar a organización do servizo con facultade de designar as persoas encargadas da súa execución técnica e administrativa, conforme os termos que figuran no presente prego.
- b) Representar á empresa adjudicataria en toda clase de xuntas ou reunións que se celebren dentro da organización do servizo, as que poida estar interesado o contratista, ou ás que fose convocado, a fin de defender os seus intereses, emitindo a súa voz libremente, aceptando ou rexeitando o que nelas fágase e diga.
- c) Propoñer alternativas para a resolución dos posíbeis problemas que se puideran dar durante a execución do contrato.
- d) Así mesmo, esta persoa disporá dun contacto permanente co responsable municipal do contrato.

No caso de que a persoa propostas para exercer como responsable do contrato non puidese, por calquera causa, levar a cabo as tarefas

encomendadas, deberá ser substituída, previa comunicación e aprobación por parte do responsable municipal do contrato, por outra persoa cunha titulación e experiencia, polo menos, igual ao anterior.

## 12. OBRIGAS DO CONTRATISTA

O adxudicatario está obrigado a gardar confidencialidade de toda a información que o Concello de Teo achegue, así como dos documentos resultantes do obxecto da licitación.

Todos os deseños, folletos, publicacións e materiais elaborados para este contrato, deberán adecuarse aos deseños ao Manual de Imaxe Corporativa do Concello de Teo. Todos os traballos realizados en execución do presente contrato serán propiedade do Concello de Teo, debendo entregarse aos servizos técnicos municipais antes da finalización do mesmo, toda a documentación resultante cos arquivos informáticos necesarios. O adxudicatario comprométese a presentar, o máis axiña posible (cun prazo máximo de 24 horas), a información solicitada polos servizos técnicos do Concello de Teo durante a execución do presente contrato.

En toda documentación, publicidade, imaxe ou materiais que deban achegar os licitadores ou que sexan necesarios para a execución do contrato, deberá facerse un uso non discriminatorio da linguaxe, evitar calquera imaxe discriminatoria das persoas, ou estereotipos sexistas, e fomentar con valores de igualdade a presenza equilibrada, a diversidade e a corresponsabilidade.

A empresa adxudicataria ten a obriga de adoptar as medidas de seguridade e saúde no traballo que sexan obrigatorias para previr de maneira rigorosa os riscos que poden afectar á vida, integridade e saúde das persoas traballadoras.

A empresa adxudicataria deberá adoptar as medidas precisas para evitar que, da execución do contrato, poidan derivarse danos ao persoal municipal, os propios traballadores ou aos cidadáns en xeral, especialmente no relativo á seguridade de todos os materiais entregados (carpas), evitando neste último caso que os soportes sexan inestables ou non resistan as inclemencias meteorolóxicas.

Durante o primeiros cinco días hábiles desde a formalización do contrato, a empresa adxudicataria presentará aos servizos técnicos municipais para a súa aprobación, un plan de traballo detallado que recolla unha memoria descritiva de todos os programas a realizar, coas accións e materiais a empregar en cada unha das prestacións da campaña, xunto cun cronograma dos mesmos.

### 12.1. CLÁUSULAS DE CONFIDENCIALIDADE, PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS E SEGURIDADE DA INFORMACIÓN

A empresa adxudicataria do contrato vai tratar os datos persoais que solicite, en calidade de responsable directo do tratamento. Deberá cumprir todas as especificacións da normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos, en especial a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, Regulamento Xeral de Protección de Datos, así como toda a normativa vixente sobre a materia.

### 12.2. CLÁUSULAS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL

O adxudicatario queda obrigado a indemnizar de todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato, especialmente, e sen ánimo exhaustivo, dos danos derivados da circulación dos vehículos e da colocación e desmonte de carpas informativas.

A partir da data de entrada en vigor deste contrato, sempre que se inicie un procedemento de reclamación patrimonial en relación coas prestacións do mesmo, o Concello de Teo requirirá da empresa adxudicataria o cumprimento dos seguintes traballos:

- H. Realizar cantas inspeccións sexan necesarias para o esclarecemento das circunstancias que puidesen concorrer nos feitos.
- I. Revisar o histórico de actuacións municipais e de terceiros na vía pública en posible relación coas demandas.
- J. Emitir cuantos informes sexan requiridos para a instrución dos expedientes polo órgano responsable. Neste caso, os informes serán emitidos no prazo de dez (10) días desde o seu requirimento, salvo que o instrutor do expediente, atendendo ás características do informe

solicitado ou do propio procedemento, solicite a súa emisión nun prazo menor ou maior, sen que neste último caso poida exceder dun mes.

### 13. SISTEMA DE AVALIACIÓN E INDICADORES

A empresa adxudicataria deseñará un sistema de avaliación e seguimento continuo, que se realizará ao longo de toda a campaña. O sistema de avaliación contemplará todos os niveis tanto cuantitativos (número de persoas atendidas, grandes produtores ou centros escolares visitados, por exemplo) como cualitativos (nivel de aceptación, comprensión e utilidade dos materiais divulgativos e das actuacións implementadas, así como a percepción das cidadás e dos cidadáns e das e dos educadores ambientais, entre outros aspectos. Todo elo deberá ser recollido nun informe final que se fará entrega ao Concello de Teo con conclusións claras e concisas que lle permitan ao Concello avaliar a validez e efectividade desta campaña.

### 14. RÉXIME DE PAGAMENTOS

O pagamento dos subministros a realizar será realizado, previa emisión da correspondente factura, unha vez recepcionados os mesmos por parte do responsable do contrato.

O pagamento dos servizos será realizado, igualmente unha vez emitida a factura, mensualmente en función das accións realizadas no mes anterior debidamente xustificadas polo adxudicatario e validadas polo responsable do contrato, e sempre tendo en conta sempre as datas límite para a realización das accións en cada anualidade.

#### LAGARESOCA S.L.:

Ado. José Antonio González Ferreira

Máster. Enxeñeiro Industrial (Col. 3011)

Enxeñeiro Agrónomo (Col. nº 281)

Enxeñeiro T. Mecánico (Col. nº 2.270)

Máster en Medio Ambiente Urbano

Especialista en contratos Públicos (UDIMA)

Xairo Rodríguez Estevez

Enxeñeiro de Telecomunicacions

Experto en Contratación Pública (Univers. de Alicante)

José Ferreira Marquina

Economista